

**EXAME PARCIAL RECUPERACIÓN PRIMEIRO TRIMESTRE+EXAME SUBIR NOTA
SEGUNDO TRIMESTRE NOME: APELIDOS: CURSO:**

Ao tratar exclusivamente nesta obra dos asuntos que teñen relación coa liberdade civil, non temos pretendido en absoluto insinuar que a liberdade política fose unha cousa superflua. Aqueles que queren sacrificar a liberdade política para gozar máis tranquilamente da liberdade civil non son menos absurdos que aqueles que queren sacrificar a liberdade civil na esperanza de asegurar e de estender a liberdade política.

(...) Pero que é a liberdade política? A facultade de ser feliz sen que ningunha forza humana poida arbitrariamente perturbar esa felicidade. Se ben a liberdade política non forma parte dos goces individuais que a natureza deu ao home, é ela quen os garante. Declárala inútil, é declarar superfluos os fundamentos do edificio que se habita.

(Benjamin Constant. Principios de política)

Cuestións texto:

1. Que entende Constant por liberdade política?, en que aspectos é claramente liberal esta visión da política?
2. Que relación debe existir, en opinión do autor, entre a liberdade civil e a liberdade política?, que concepción da política reflicte esa relación?
3. Que clase de institucións políticas e formas de goberno encaixan de mellor forma coa visión da liberdade defendida por Constant?

Ningunha autoridade deste mundo é ilimitada, nin a do pobo nin a dos homes que se chaman os seus representantes, nin a dos reis, sexa cal sexa o seu título para reinar, nin a da lei, que, ao non ser máis que a expresión da vontade do pobo ou do príncipe, segundo a forma de goberno, debe circunscribirse aos mesmos límites que a da autoridade da que emana.

Os cidadáns posúen dereitos individuais independentes de calquera autoridade social ou política, e toda autoridade que viole eses dereitos convértese en ilexítima. Os dereitos do cidadáns son a liberdade individual, a liberdade relixiosa, a liberdade de opinión, na que queda incluída a súa publicidade, o desfrute da propiedade, a garantía contra calquera acto arbitrario. Ningunha autoridade pode atentar contra estes dereitos...

(Benjamin Constant. Principios de política)

Cuestións texto:

1. Que visión claramente liberal do poder político queda recollida no texto?
2. Como concibe os dereitos o autor?, por que é un xeito liberal de entender os dereitos?
3. Explica o contido dos dereitos e liberdades que se enumeran no texto.